

Crónica

As Letras Galegas desde a Complutense (curso 2012-2013)

Ricardo PICHEL GOTÉRREZ

Universidad Complutense de Madrid
Centro de Estudos Galegos

Do mesmo xeito que nos anos anteriores, ao longo do curso 2012-2013 o Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid, dirixido por Carmen Mejía Ruiz, realizou múltiples actividades a prol da difusión da cultura, da lingua e da literatura galega en Madrid.

Do 22 ao 26 de abril de 2013, con motivo da terceira edición da “Semana Complutense de las Letras”, houbo unha boa presenza do galego nesta universidade, pois organizáronse varias actividades para as que contamos coa colaboración de diferentes poetas e artistas galegos e dalgún dos nosos escritores “madrigalegos” máis apreciados¹. Por unha banda, co poeta Isaac Xubín lembramos a amálgama entre creación, gastronomía e identidade na literatura de Álvaro Cunqueiro. Coa “mariscadora de contos” Pepa Martín Santiago viaxamos ás orixes da literatura como narración oral: a través dunha rechamante “queimada de contos” e da música de Diego Castela (frauta e bodhrán), Rafa Yáñez (guitarra) e un servidor (bandurra e guitarra), achegámonos ao conxuro das lendas antigas e deixámonos enfeitizar polas verbas antigas enguedelladas nos seus aparellos². Noutra xornada sobre a literatura galega desde Madrid, gozamos das voces e do carisma de Vicente Araguas e Luz Pichel nun coloquio-recital no que se presentaron a tradución ao español³ (Huerga & Fierro, 2013) do libro de relatos *Xuvia-Neda* (Xerais, 2010)

de Vicente Araguas, e a reescritura poética *Casa pechada / Cativa en su lughar* (Ed. Progresele, Col. Diminutos salvamentos, 2013) de Luz Pichel⁴. Como mostra desta xornada, inclúo aquí unha das pezas (o poema-prólogo), para min, máis sentidas deste poemario:

Casa pechada (2006: 11)

Hai nesta aldea un gato
que coñece os abismos.

Ás noites,
desde o Alto das Penas,
érguese e mira para a casa que fora do seu dono
e laia coma un cadelo adoecido.
A súa sombra é longa e afiada.
Espétaselle a un no peito de por vida.

Vai haber que o matar

Al animal (*Cativa en su lughar*, 2013: 15)

Un animal, un gato, un gható,
dos córneas, dos cortes verticales frente a lo hondo,
lo fondofondo, la noche, la noiteneghra.
A la nochenegra, yérguese, animalito,
espeta sus dos patas en el Alto das Penas,
yérguese y mira para la casa que fue de su amo,
que fue de su amo,
lo hondo allá hondo qué es
quéjase, laia, es
un cadelo adolientado,
una sombra longa

¹ Véxase o programa completo en: http://www.xunta.es/linguagalega/actividade_nos_lectorados.

² Véxase un fragmento en: https://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=-8giDtGE64M.


³ Tradución de Andrea Araguas Baliño.

⁴ Coa primeira versión deste poemario (*Casa pechada*, 2006) gañaría o XXVI Premio Esquíu.


una sombra un hilo
 un filo negronegro
 un filo neghronegro,
 clávasele a una de por vida
 clávasele a cualquiera de por vida y va a haber que
 [matarlo]

va a haber que matarlo
 va a haber que lo matar.

Como remate destas xornadas, celebramos o XV aniversario da nosa revista, *Madrygal*, na Biblioteca Histórica Marqués de Valdecilla. Nela, coas intervencións de Carmen Mejía, Diego Muñoz, M^a Victoria Navas, Eugenia Popeanga, Ricardo Pichel e Javier Rivero, lembramos a fundación e traxectoria da revista nos seus quince anos de vida e presentamos os traballos publicados no número 15 (2012).




Madrygal 1 (1998)



Madrygal 15 (2012)

Participaron nesta homenaxe algúns escritores como Manuel Pereira Valcárcel (que nos deleitou cunha escolma poética de Gonzalo Bouza-Brey, Yolanda Castaño, Román Raña e Estevo Creus), Vicente Araguas (co seu relato “A voz de Queipo”), Xavier Frías (coas súas “Microstorias”), na voz de Pili Mera; Paulo Martínez Lema (co seu poema “Delirio



Cartaz das Xornadas de Letras Galegas 2013

fundacional”) e Vanesa Rodríguez Tembrás (co seu relato “Axiña, é para onte”)⁵. Fixémoslle, tamén, unha pequena homenaxe ao escritor José Luis Sampedro, coa lectura dalgúns textos seus recentemente publicados e traducidos ao galego na voz de José Manuel Lucía Megías e Vicente Araguas⁶. Continuando coa difusión e tradución ao galego, tivemos oportunidade de escoitar algúns dos poemas musicados de Maria del Mar Bonet (escolmados e seleccionados por Juan M. Ribera Llopis e traducidos do catalán por M^a Asunción Canal Covelo⁷) e algúns poemas de *Scanner* (Ed. Susa, 2011) de Leire Bilbao, na voz da propia autora (presentación audiovisual) e de Itsaso Cid Antón (escolmados e presentados por Karlos Cid Abasolo e traducidos do euskera por el e Ricardo Pichel⁸).

⁵ Para todas as achegas de creación (lírica, narrativa e teatro) no número 15 de *Madrygal*, véxase: <http://revistas.ucm.es/index.php/MADR/issue/view/2253/showToc>.

⁶ “José Luis Sampedro ou da salvífica recreación na literatura” (*Madrygal* 15, pp. 253-255): <http://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/39971/38431>. Véxase tamén *José Luis Sampedro en mil y una lenguas* (coords. José Manuel Lucía Megías / Begoña Regueiro Salgado, UCM, 2012, pp. 13-15).

⁷ “Poemas en cancións de Maria del Mar Bonet” (*Madrygal* 15, pp. 239-245): <http://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/39969/38429>.

⁸ “Poemas de Leire Bilbao” (*Madrygal* 15, pp. 247-252): <http://revistas.ucm.es/index.php/MADR/article/view/39970/38430>. Véxase a lectura dun dos poemas por Itsaso Cid Antón en: <https://www.facebook.com/photo.php?v=414428175322430&l=6289839018796320260>.




Para celebración das Letras Galegas 2013, nas que homenaxeamos a figura de Roberto Vidal Bolaño, o Centro de Estudos Galegos da Complutense organizou un Seminario Interuniversitario (ao que lle foi concedido 1 crédito ECTS) cun amplo programa de actos culturais⁹ no que tamén colaboraron outros centros ou agrupacións galegos de Madrid, como o Espazo das Linguas Ibéricas (Universidad de Alcalá), a UNED ou a Asociación de Mulleres Galegas no Exterior “Rosalía de Castro”. Como homenaxe ao artista escénico global Roberto Vidal Bolaño organizamos un coloquio con Xosé Manuel Fernández Castro, escritor e docente galego, autor do ensaio *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño* (Laivento, 2011) e coautor, xunto con Francisco Macías, da edición da obra completa, en seis volumes, do homenaxeado (Positivas, 2013). Con Xosé Manuel achegámonos, dun xeito moi atractivo e dinámico, á vida e á pro-



Coloquio con Xosé Manuel Fernández Castro



Coloquio con Roberto Pascual

Representación dun fragmento de *Criaturas* (M. González, C. A. Castro e X. M. Fernández Castro)

dución dramática bolañesa, así como ao proceso editorial das súas obras completas.

Por outra banda, a visita de Roberto Pascual, profesor e xefe de estudos da Escola Superior de Arte Dramática (Vigo) e autor do ensaio *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro* (Xerais, 2013), ao Espazo das Linguas Ibéricas (da man de Carme Lamela Villaravid), permitiunos coñecer as diferentes etapas creativas de Vidal Bolaño e gozar cun fragmento audiovisual de *Saxo Tenor*. Así mesmo, organizamos un obradoiro de teatro galego a cargo de Marta González. Tamén houbo espazo para a representación teatral, da man das actrices Marta González e Carolina Alba Castro (*Tangatutanga Teatro*), que nos falaban sobre as dinámicas de traballo nos ámbitos da creación e da escenografía teatral galega, e nos agasallaron coa interpretación dun fragmento de *Criaturas*, de Roberto Vidal Bolaño¹⁰.

⁹ Véxase o programa enteiro no sitio web das xornadas: <http://letrasgalegasmadrid.wix.com/2013> e *La Voz de Galicia* (Especial Letras Galegas) 17/5/2013.

¹⁰ Véxase: https://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=9LM8U3wx0sM#t=132.

Para alén disto, as xornadas de Letras Galegas 2013 en Madrid permitiron poñer en valor as diferentes iniciativas, proxectos, agrupacións, espazos, autores e obras que desde dentro e fóra da Galiza velan pola investigación, a formación e a difusión da lingua e literatura galegas. Así pois, entre outras actividades, celebrouse un coloquio co escritor Lois Diéguez, no Clube de Amigos da Unesco de Madrid, arredor da súa obra *A Poutada do Oso* (Laivento, 2011), no que participaron, ademais, Henrique Albor, Eva Lema, M^a Victoria Navas, Ricardo Pichel, Marisa Vázquez e Helena Veiguela, e no que se proxectou o documental “De *Albre de esperanza á Poutada do Oso*”.

Por outra parte, presentouse na sede das Escolas Pías da UNED a escolma de microficción *Hipnotopía en doses pequenas* (Lastura, 2013), na que participan algúns dos integrantes do Grupo Bilbao (Vicente Araguas, Xavier Frías, Manuel Pereira, Luz Pichel, Begoña Regueiro, Marga Vázquez e Rafa Yáñez); e o relanzamento da colección poética *Cadernos do Roibén* (Lastura, 2013), coas contribucións das poetas Beatriz Hernanz, Verónica Martínez, Pili Mera e Mila Villanueva. Pola súa banda, Gianni Garbati deleitounos coa súa tradución ao italiano da escolma *Hipnotopía*.



Presentación de *Hipnotopía en doses pequenas* e relanzamento dos *Cadernos do Roibén*¹¹ na Escolas Pías

A didáctica e difusión da lingua galega tamén tivo o seu lugar nestas xornadas, pois nelas fixemos o lanzamento do *Compendio de Gramática Galega* (Urco Editora, 2013), de Xavier Frías Conde, e dos blogs *O reino dos contos* e *Microstórias*, do mesmo autor.

Como colofón deste Seminario Interuniversitario, a Escola Superior de Canto de Madrid participou na clausura das xornadas cun fermoso recital poético-musical no que se interpretaron varias pezas líricas galegas dedicadas a Antonio Fernández-Cid¹². Dirixido por Carmen Fernández-Cabrera e Borja Mariño (piano e dirección musical) e coa colaboración de Javier de la Morena e Borja Mariño (recitadores), Inma Ochoa (concepción escénica) e Alberto Pereiras (comunicación e difusión), este Grupo de Traballo da Escola Superior de Canto de Madrid interpretou no Paraninfo da Facultade de Filoloxía da UCM un magnífico programa de vinte cancións baseadas en textos de poetas galegos (entre outros, Eduardo Blanco Amor, Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, Vicente Risco) musicados por algúns dos máis carismáticos compositores españois do século pasado (como Jesús Arámbarri, Manuel Blancafort, Narcís Bonet, Óscar Esplá, Antón García Abril, Jesús



Unha das pezas interpretadas pola Escola de Canto de Madrid, no Paraninfo de Filoloxía (UCM)

¹¹ Na foto (de dereita a esquerda e de abaixo a arriba): Lidia López Miguel (editora de Lastura), Verónica Martínez, Xavier Frías Conde, Carmen Mejía Ruiz, Luz Pichel, Rafa Yáñez, Gianni Garbati, Marga Vázquez, Begoña Regueiro, Pili Mera, Manuel Pereira Valcárcel e Ricardo Pichel. Véxanse as intervencións dos autores neste acto en: <https://www.facebook.com/pages/Centro-de-Estudos-Galegos-Universidade-Complutense-de-Madrid/208844332547483>.

¹² Véxase o programa enteiro en: <http://www.themagicopal.com/borjamarino/las-canciones-gallegas-dedicadas-a-antonio-fernandez-cid/>.

García Leoz, Jesús Guridi, José Muñoz Molleda, Federico Mompou...) e dedicadas ao musicólogo, xornalista e crítico musical ourensán Antonio Fernández-Cid (1916-1995).

Por suposto, as actividades galegas do CEG non se limitaron ás celebracións literarias dos meses de abril e maio, senón que se prolongaron ao longo de todo o curso. En novembro de 2012 organizamos, en colaboración coa *Cátedra de Estudos Gallegos* do Ateneo de Madrid (da man de Miguel Losada e Carmen Nóvoa), unha sentida homenaxe a Isaac Díaz Pardo, na que participaron, entre outros, Xesús Alonso Montero (co coloquio “A vida oficial e a obra subversiva, antes e despois da morte de Franco, de Isaac Díaz Pardo”), Inés Canosa, Constanza




Tobío e María Victoria Villaverde (“Tres testemuños persoais”), e os poetas Fermín Bouza, Manuel Pereira, Luz Pichel e Rafa Yáñez. Ademais, varios compañeiros (Carme Lamela, Saleta González, Alba Quintáns, Javier Rivero e María Sokolova) recitaron algúns textos da autoría de Isaac, como os poemas “A unha rapaza da Fontán que me pousa de modelo” e “Cacheno” (*Aturuxo* 6, 1955), que reproducimos a continuación:

Arelan homes nova lus;
arela as ondas praias.
Degoran ventos albre e frol
e a terra pesa calada.
E o peito agarda novo ar
e o courazón nova auga.
A vida dálle antergo amor
e o tempo cadeas manda.
Ren agardando está por ti
samente nai terra agarda.
O corpo terma o courazón

de repetir súa esperanza.

E os montes mórrense de amor
de hourizontes de montañas.
Inda máis forte que o morrer
o azul da distancia engaña.
Espera sempre amante amor
días que traian mudanzas.
En ti i-en todo a vida está;
de ser túa amante cala.
Tórcense a i-alma por se ver;
nudos de dúbidas acha.
A femia a tua veira está;
o macho en ti beizo garda.
Estás pasando ou xa pasou
e a consciencia sigue crara.
Xa nada cura a túa dôr
namentras túa vida manda.

Por último, o público puido gozar coa voz dun dos nosos principais músicos galegos, Amancio Prada, quen nos agasallou con dúas pezas poéticas musicadas de Celso Emilio Ferreiro e Federico García Lorca, esta última daquela aínda inédita (*Galicia en el mundo* 3/12/2012).



Amancio Prada na homenaxe a Isaac Díaz Pardo



Manuel Pereira na presentación de *Interior con froiteiro e feridas*

En febreiro de 2013 presentamos na UCM o poemario *Interior con froiteiro e feridas*, en edición bilingüe (galego-español), de Manuel Pereira Valcárcel, con ilustracións de Ana Cristina Lapiedra (Zaragoza, Ed. Aqua), nun acto no que, ademais do autor, interviron a poeta Begoña Regueiro Salgado e o historiador José M^a Gago González.

A caricia da nostalxia e as navalladas ásperas
[dos recordos.
Esta loita continua de beneplácido e
[arrepentimento.
Esta herdanza ambigua que deixan os
[almanaques.
Este espazo de comprensión e odio, de
[clemencia e noxo.

Este espazo de comprensión e odio, de
 [clemencia e noxo.
 Este río de furia e remansos que desatan
 [as lembranzas.
 O peso dos invernos xunto coa calma
 [do verán.
 Unha mestura de improprio e devoción
 [cando
 a infancia xorde sucia e desvalida. Esgotada,
 coma refugallos despois da auga nunha
 [cárcava seca.


Estes versos de Manuel Pereira, que constitúen o Prólogo do poemario (pp. 7-8), anuncian, en palabras do escritor e crítico literario Román Raña, “que todo non está perdido, que sempre hai lugar para revivirmos a memoria. Eis a verdadeira función do verbo: servir como axeitado espazo da recuperación” (*Faro da Cultura* 4/4/2013). Recentemente, contamos cunha tradución ao español (Ed. Amargord, 2013) do anterior poemario, *Tatuaxes*, do escritor ouzandés (*Faro de Vigo* 7/6/2013, p. 19).

En marzo de 2013 celebramos, tamén en colaboración co Ateneo de Madrid, outra homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, fundador da *Aula de Cultura Galega* do Ateneo en 1974. Despois da proxección dun fragmento do documental “Celso Emilio fai cen anos” (de Aser Álvarez), contamos novamente coa presenza de Xesús Alonso Montero (“Celso Emilio Ferreiro no seu tempo e no noso”) e coa voz de Vicente Araguas, Manuel Pereira, Luz Pichel e Begoña Regueiro, entre outros, nun recital poético en homenaxe ao poeta celanovés. O acto foi clausurado coa



Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no Ateneo de Madrid¹³

interpretación dos poemas “Eu en ti” e “O neno preguntaba” (de *O sono sulagado*) a cargo de Patricia Illera (soprano) e Borja Mariño (piano), da Escola Superior de Canto de Madrid.



A literatura infanto-xuvenil tamén tivo unha presenza destacada neste curso. En dúas ocasións acudimos á librería Aturuxo Tenda Galega para presentar *20 historias para nenos cansos* (2012) e *O caso máis estraño do detective Marschen* (Galaxia, 2012), de Xavier Frías Conde; neste último caso acompañounos o escritor Francisco Castro.

Por último, citaremos, tamén, entre outras actividades, a visita do escritor e ensaísta Carlos Callón, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, á facultade de Filoloxía da UCM (marzo de 2013), onde animou un interesante coloquio arredor da presentación do seu libro *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez* (Xerais, 2012).



¹³ Na foto (de esquerda a dereita): Patricia Illera, Borja Mariño, Miguel Losada, Begoña Regueiro, Manuel Pereira Valcárcel, Luz Pichel, Xesús Alonso Montero, Carmen Mejía Ruiz, Carmiña Nóvoa, Javier Rivero e Ricardo Pichel.